PAU 2027

Estrutura do exame de Bioloxía

O exame consta de **catro preguntas de resposta obrigatoria**, cun valor de 2,5 puntos cada unha.

A **primeira pregunta** estará sempre baseada na lectura dun texto, científico ou xornalístico, relacionado cun tema de interese, que sirva para comprobar como o estudantado de Bioloxía é capaz de desenvolver as competencias adquiridas durante o curso. Nos casos nos que sexa convinte, os textos adaptaranse ou serán completamente redactados para facilitar a realización da proba. A partir dese texto, formularanse unha serie de preguntas (4-5), orientadas a explorar diferentes áreas competenciais, seguindo a estrutura amosada no modelo de exame publicado. A resposta dalgún dos apartados podería estar no propio texto, mentres que a resposta doutros requirirá a aplicación e relación dos coñecementos adquiridos polo estudantado no conxunto dos bloques da materia.
É importante, por tanto, traballar durante o curso preguntas do tipo das incluídas no exame de mostra como, por exemplo, a redacción dun parágrafo curto usando palabras clave, ou a identificación, nunha figura, de moléculas, elementos, procesos, etc.

As **preguntas 2-4** teñen dous apartados. O **primeiro apartado** é de resposta obrigatoria e ten un valor de 1 punto. O **segundo apartado** ten posibilidade de elección entre dúas preguntas opcionais. Este segundo apartado ten un nivel de dificultade algo maior e ten un valor de 1,5 puntos. É moi importante non responder a máis dunha pregunta neste segundo apartado, xa que, nese caso, unicamente se valoraría a primeira pregunta contestada.

Por último, é importante sinalar que **cada pregunta pode estar relacionada con máis dun bloque da materia** (en cada pregunta indicarase o bloque ou bloques da materia de referencia). En todos os casos se procurará unha distribución equilibrada de preguntas sobre os diferentes bloques. A **distribución de bloques que figuran no exame de mostra non ten por que manterse noutros exames**.

O Grupo de Traballo de Bioloxía